



Programación docente de **TRANSCRIPCIÓN I - Curso 2024/25**
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO D
163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: <i>TRANSCRIPCIÓN I Cuadrimestre 1º</i>									
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO			GUITARRA	
CARÁCTER	OBRIGATORIA				TIPO DE CLASE			COLECTIVA	
DEPARTAMENTO	GUITARRA				XEFE/A DE DPTO.			Francisco Javier Eiras Tojo	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA			Eulogio Albalat	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	I Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.				3				Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA	
	Eulogio Albalat				albalat.xunta@gmail.com			Mercores, de 11 a 12	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Transcrición e interpretación na guitarra de repertorio procedente doutros instrumentos. Obxectivos, metodoloxías, e práctica da transcrición musical. Criterios de transcrición e interpretación en relación co estilo, a época e os elementos esenciais-formais, harmónicos, temáticos, etc. da obra, así como coas características dos instrumentos orixinais e as posibilidades técnicas e sonoras da guitarra.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior. Para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	As relacionadas directamente co itinerario de Guitarra.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X4, X8, X9, X10, X11, X22, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI7



Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro anexo II

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓ	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer as diferentes técnicas, metodoloxías de transcripción para a guitarra clásica.	T2, T13, X4, X8, X9, X10, X11, X19, E11, E14, E15, E16
Aprender a discernir o repertorio susceptible de transcribirse para guitarra clásica.	T3, T6, T13, X9, X24, E14
Desenvolver a capacidade crítica ante outras transcricións xa realizadas por diferentes autores.	T3, T6, T13, X3, X8, X11, X22, X24, E11, E12, E14
Desenvolver a capacidade de procura de solucionar os diferentes problemas técnicos que se lle vaian suscitando, ampliando os seus propios recursos.	T1, T2, T6, T13, X2, X4, X8, X9, X22, E12, E17
Transcribir desenvolvendo o criterio persoal respectando os elementos esenciais e característicos da partitura non orixinal para guitarra.	T3, T6, T13, X3, X8, X9, X22 E15, E17
Valorar a importancia do enriquecemento do propio repertorio a través das propias transcricións.	T6, T13, X3, X9, X10, X11, X22, X24, E11, E17

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Aspectos históricos.	Hª da transcripción para guitarra e outros instrumentos en xeral: Achega ao repertorio guitarrístico actual das transcricións barrocas procedentes das obras escritas para teclado. Estudo e análise de transcricións históricas deste período.	2
2. Procedementos.	Procedementos principais de transcripción para guitarra da música barroca escrita para instrumentos de teclado e corda pulsada.	2
3. Comparación.	Estudo das principais transcricións históricas realizadas por outros autores de obras orixinais para teclado barroco e incorporadas ao repertorio habitual da Guitarra.	2
4. Contidos mínimos.	Transcripción e interpretación como mínimo, de 3 obras representativas do período barroco para teclado ou corda pulsada, para guitarra soa.	10
TOTAL SESIÓNS:		16

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓ	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Traballo práctico na aula	10	0	10
Clase maxistral	6	0	6
Práctica individual	0	50	50



Pescuda de información	0	23	23
Proba	1	0	1
TOTAL HORAS:			90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Traballo persoal	Valoración das capacidades adquiridas conforme a superación das distintas fases da transcripción da peza. Valoración do interese e capacidade para desenvolver os criterios persoais, baseándose na realización das tarefas propostas. Valoración do respecto aos elementos principais da partitura orixinal, a tonalidade escolleita e a idoneidade da dixitación empregada. Tamén se terá en conta a participación na clase e na aula virtual.	Todas	70%
Proba práctica	Interpretar, como mínimo, as tres transcripcións do curso, onde se valorará a calidade da interpretación pública, o tempo, a fidelidade ao estilo, a forma e os elementos instrumentais propios do estilo.	Todas	30%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Proba práctica	Interpretar, como mínimo, as tres transcripcións do curso, onde se valorará a calidade da interpretación pública, o tempo, a fidelidade ao estilo, a forma e os elementos instrumentais propios do estilo.	Todas	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) *(Alumnos que superen as 4 faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)			
Proba práctica	Interpretar, como mínimo, tres transcripcións de tecla ou corda pulsada, onde se valorará a calidade da interpretación pública, o tempo, a fidelidade ao estilo, a forma e os elementos instrumentais propios do estilo.	Todas	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Proba práctica	Interpretar, como mínimo, tres transcripcións de tecla ou corda pulsada, onde se valorará a calidade da interpretación pública, o tempo, a fidelidade ao estilo, a forma e os elementos instrumentais propios do estilo.	Todas	100%

PROTOCOLO PRA MATRÍCULA DE HONRA

A matrícula de honra poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 20% dos estudantes matriculados na materia no correspondente cuadrimestre, agás que



o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderá concederse unha soa matrícula de honra. No caso de que varios alumnos e alumnas atópanse nesta circunstancia, poderán realizar unha proba específica na cal os aspirantes deberán demostrar os coñecementos adquiridos ao longo do curso na materia específica a tratar.

A tal fin, se realizará una proba escrita que versará sobre o estudiado durante todo o curso no cal, ademais dos coñecementos teóricos, os alumnos deberán realizar una transcripción que teña as mesmas condición e referentes técnicos e teóricos tratados en clase

Tras o exame o departamento decidirá o outorgamento das matrículas ou non, se é o caso.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asímesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que establece a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Bibliografía básica	Non hai una bibliografía específica. Os materiais para traballas os proporcionará o profesor tanto na avaliación continua como na súa perda.
---------------------	--